



.....
**Pensarmos: Democracia, pero que
democracia?**

Joaquín Urías

**A calidade democrática da
nosa sociedade**

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
26 de xaneiro de 2023

40 anos coa cultura galega



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, *sapere aude*, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa en 2023 para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

Programa

18:00 horas
Presentación

18:15 horas
A calidade democrática da nosa sociedade
Joaquín Urías dialoga con **Celia Pereira Porto**

Joaquín Urías
Profesor de Dereito Constitucional da Universidad de Sevilla desde hai 30 anos. Doutor en Dereito por esa mesma universidade tras realizar estudos para o seu doutoramento no Max Planck Institut de Dereito Público en Heildelberg (Alemaña). Durante seis anos, até 2010, foi letrado do Tribunal Constitucional de España.
Entre 2010 e 2014 dirixiu o proxecto EURALIUS da Unión Europea para a reforma do sistema xudicial de Albania.
Publicou seis libros dedicados esencialmente á xustiza constitucional e á liberdade de expresión, temas centrais das súas investigacións científicas. Tamén publicou unha trintena de artigos científicos.
Dirixiu proxectos de investigación sobre procesos electorais e traballou para a OCDE asesorando as autoridades españolas para a elaboración dunha lei integral de servizos sociais.
Actualmente dirixe un proxecto da Unión Europea para avaliar os progresos do Estado albanés en materia de reforma xudicial.
En paralelo, desenvolve unha carreira como activista social e polos dereitos humanos: traballou seis anos con refuxiados en campos da antiga Iugoslavia e dous anos en

asentamentos chabolistas en España. Foi portavoz do Foro Social de Sevilla dentro do movemento antiglobalización e contra a guerra de Iraq. Participou en proxectos sociais en Haití, Costa de Marfil ou Indonesia, entre outros países. Con ocasión da crise de refuxiados despois da guerra de Siria, traballou en campos de refuxiados na illa de Lesbos e dirixiu un proxecto nos campos de Grecia.
Colabora habitualmente en diversos medios de comunicación audiovisuais e publica artigos de opinión en diferentes medios escritos.

Celia Pereira Porto
Graduada en Dereito e doutora pola Universidade da Coruña, onde deu clase de Filosofía do Dereito até 2005. É avogada e presidenta da Fundación Vicente Risco. Académica correspondente da Real Academia Galega e coordinadora da Sección de Pensamento do CCG.
Na súa área de coñecemento reflexionou sobre o concepto do corpo para as mulleres, a discriminación de xénero na negociación colectiva e a obra de Concepción Arenal.
É autora de diversos libros e artigos sobre a igualdade de xénero desde unha perspectiva iusfilosófica e editora da primeira tradución ao galego de *O meu pecado mortal* de Clara Campoamor. Destacan tamén as súas monografías *A aportación de Concepción Arenal no marco do Estado liberal español* ou *A discriminación de xénero na negociación colectiva. Vellas inercias e novos retos para a igualdade*.

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Pensamento (CCG)

Coordina

Celia Pereira Porto

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

